CA1.2 - Predicir, para as cuestións expostas, respostas que se poidan comprobar coas ferramentas e coñecementos adquiridos, tanto de forma experimental coma dedutiva, aplicando o razoamento lóxico-matemático no seu proceso de validación.	Predí, para as cuestións expostas, respostas que se poidan comprobar		
CA1.3 - Empregar fontes variadas fiables e seguras para seleccionar, interpretar, organizar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada unha delas contén, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema e refugando todo o que sexa irrelevante.	Emprega fontes variadas fiables e seguras para seleccionar, interpretar, organizar e comunicar información	TI	20
CA1.5 - Aplicar con rigor as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.	Segue as instrucións do profesorado no uso das instalacións e, en concreto, dos laboratorios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Utilizar de forma eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, de forma rigorosa e respectuosa e analizando criticamente as achegas de cada participante.	Manexa libros texto e recursos dixitais no seu proceso de aprendizaxe de forma autónoma e en equipo.		
CA1.7 - Traballar de forma versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando e empregando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Consulta información seleccionando fontes fiables e crea contidos utilizando libros de texto e buscadores de información en internet		
CA1.8 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación e iniciando o uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	Participa de forma activa e construtiva en actividades en grupo cos seus compañeiros e compañeiras.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por mulleres e homes, así como de situacións e contextos actuais (liñas de investigación, institucións científicas etc.), que a ciencia é un proceso en permanente construción e que esta ten repercusións e implicacións importantes sobre a sociedade.	Coñece feitos e a súa repercusión na sociedade. É consciente da importancia da participación da muller na construción da ciencia		
CA4.4.3. - Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.	Aplica os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo		
CA1.4 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso correcto de varios sistemas de unidades, as ferramentas matemáticas necesarias e as regras de nomenclatura avanzadas, así como as ferramentas matemáticas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.			
CA4.1 - Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados co movemento, coas forzas e cos seus efectos, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		Baleiro	0
CA4.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos expostos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión.			
CA4.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos con relación ao movemento, ás forzas e aos seus efectos a partir de situacións tanto observadas no mundo natural coma expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica.			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas co movemento, coas forzas e cos seus efectos para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e o tratamento do erro mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións que vaian máis alá das condicións experimentais para aplicalas a novos escenarios. - Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica, como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas. - Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente. - A linguaxe científica: manexo adecuado de distintos sistemas de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas adecuadas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe. - SI de Unidades - Estratexias de interpretación e produción de información científica en diferentes formatos e a partir de diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria. - Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade. - A cultura científica: o papel dos científicos e das científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade. - Forzas e presión nos fluídos: efectos das forzas e da presión sobre os líquidos e os gases, estudando os principios fundamentais que as describen.

UD	Título da UD	Duración
10	A enerxía	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4.1. - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso correcto de varios sistemas de unidades,	Utiliza adecuadamente as regras básicas da física incluído o uso correcto do SI de Unidades	PE	80
CA1.4.3. - Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.	Expresa o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas		
CA1.4.4. - Identificar unha determinada magnitude como escalar ou vectorial	Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4.5. - Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos, a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados.	Realiza e interpreta representacións gráficas de procesos físicos , a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados.		
CA3.1.1. - Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica	Analiza as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica		
CA3.1.2. - Describir as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.	Determina a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada, e para un cambio de estado		
CA3.1.3. - Relacionar a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.	Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura		
CA3.2.1. - Resolver problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.		
CA3.2.2. - Calcular a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico	Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura		
CA3.2.3. - Achar o traballo e a potencia asociados a unha forza	Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza		
CA1.1 - Recoñecer e describir situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas colaborativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuir á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade e no medio ambiente.	Recoñece e describe situacións problemáticas reais de índole científica	TI	20
CA1.2 - Predicir, para as cuestións expostas, respostas que se poidan comprobar coas ferramentas e coñecementos adquiridos, tanto de forma experimental coma dedutiva, aplicando o razoamento lóxico-matemático no seu proceso de validación.	Predí para as cuestións expostas, respostas que se poidan comprobar		
CA1.3 - Empregar fontes variadas fiables e seguras para seleccionar, interpretar, organizar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada unha delas contén, extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema e refugando todo o que sexa irrelevante.	Emprega fontes variadas fiables e seguras para seleccionar, interpretar, organizar e comunicar información		
CA1.5 - Aplicar con rigor as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.	Segue as instrucións do profesorado no uso das instalacións e, en concreto, dos laboratorios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Utilizar de forma eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, de forma rigorosa e respectuosa e analizando criticamente as achegas de cada participante.	Manexa libros texto e recursos dixitais no seu proceso de aprendizaxe de forma autónoma e en equipo.		
CA1.7 - Traballar de forma versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando e empregando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Consulta información seleccionando fontes fiables e crea contidos utilizando libros de texto e buscadores de información en internet		
CA1.8 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación e iniciando o uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	Participa de forma activa e construtiva en actividades en grupo cos seus compañeiros e compañeiras.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por mulleres e homes, así como de situacións e contextos actuais (liñas de investigación, institucións científicas etc.), que a ciencia é un proceso en permanente construción e que esta ten repercusións e implicacións importantes sobre a sociedade.	Coñece feitos e a súa repercusión na sociedade. É consciente da importancia da participación da muller na construción da ciencia		
CA3.3 - Recoñecer e describir situacións problemáticas reais relacionadas coa enerxía e emprender iniciativas colaborativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade e no medio ambiente.	Recoñece e describe situacións problemáticas reais relacionadas coa enerxía		
CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e cos seus procesos de intercambio a partir de situacións tanto observadas no mundo natural coma expostas a través de enunciados con información textual, gráfica ou numérica.	Emprega as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e cos seus procesos de intercambio		
CA3.5.1. - Determinar experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.	Determina experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro		
CA3.6 - Emprender, de forma autónoma e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor individual e colectivo.	Emprende proxectos científicos relacionados coa enerxía		
CA3.7 - Detectar as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlle solución sostible a través da implicación de toda a cidadanía.	Detecta as necesidades enerxéticas e ambientais máis importantes que demanda a sociedade,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso correcto de varios sistemas de unidades, as ferramentas matemáticas necesarias e as regras de nomenclatura avanzadas, así como as ferramentas matemáticas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.			
CA3.1 - Comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns en canto ás distintas formas e transferencias de enerxía, explicalos con rigor en termos dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		Baleiro	0
CA3.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos expostos en relación coa enerxía e cos seus procesos de intercambio mediante as leis e teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando os resultados con corrección e precisión.			
CA3.5 - Aplicar as leis e teorías científicas máis importantes relacionadas coa enerxía e os seus procesos de intercambio para validar hipóteses de maneira informada e coherente co coñecemento científico existente, deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas e analizando os resultados criticamente.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e o tratamento do erro mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións que vaian máis alá das condicións experimentais para aplicarlas a novos escenarios. - Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica, como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas. - Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente. - A linguaxe científica: manexo adecuado de distintos sistemas de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas adecuadas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe. - SI de Unidades - Representación gráfica de magnitudes relacionadas - Estratexias de interpretación e produción de información científica en diferentes formatos e a partir de diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria. - Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade. - A cultura científica: o papel dos científicos e das científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade. - A enerxía: formulación e comprobación de hipóteses sobre as distintas formas de enerxía e aplicacións a partir das súas propiedades e do principio de conservación, como base para a experimentación e a resolución de problemas

Contidos

- relacionados coa enerxía mecánica en situacións cotiás.
- Transferencias de enerxía: o traballo e a calor como formas de transferencia de enerxía entre sistemas relacionados coas forzas ou a diferenza de temperatura. A luz e o son como ondas que transfiren enerxía.
- A enerxía no noso mundo: estimación da enerxía consumida na vida cotiá mediante a procura de información contrastada, a experimentación e o razoamento científico, comprendendo a importancia da enerxía na sociedade, a súa produción e o seu uso responsable.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Dacordo coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades (contamos co programa PROA que garante unha atención máis individualizada ao alumnado con dificultades de aprendizaxe), e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

Formará parte da metodoloxía a realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Tamén terán relevancia a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos desenvolvan as destrezas características da ciencia.

Tendo en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico, durante todas as etapas da formación do alumnado debe partir da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes precisa unha adecuada adquisición das competencias correspondentes.

Polo dito, en todas as unidades didácticas incluíranse: prácticas de laboratorio, experiencias en contornos virtuais así como enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles. Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos que se axustará a o que é habitual nas comunicacións científicas e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias.

Desta forma traballarase transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

Preténdese, ademais, a realización de actividades de carácter interdisciplinar que combinen saberes das diferentes ciencias, da tecnoloxía e das matemáticas, como corresponde ao carácter STEM da física e da química. Potenciarase o traballo tanto colaborativo como cooperativo deseñando plans de equipo que permitan asegurar o correcto funcionamento do mesmo e iniciando o uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Materiais: Apuntamentos, vídeos e textos elaborados polo profesorado e/ou alumnado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares...

Recursos: Aula, aula virtual, laboratorios de Química e de Física, ordenadores, recursos audiovisuais, recursos informáticos e todo tipo de recursos de papelería, láminas, carteis...

No centro existen unha serie de recursos que son de uso común para todo o centro (biblioteca, sala de traballo para alumnado, aula de usos múltiples con escenario e dúas aulas de informática). Ademais todas as aulas da ESO están dotadas de bibliotecas de aula que constan de obras literarias e obras de carácter divulgativo.

Por outro lado, todas as aulas están dotadas de ordenadores, pantallas dixitais e canón; ademais as aulas de ESO contan con ordenadores para todo o alumnado (Edixgal).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 3ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 3º ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	10	10	10	11	11	11	11	11	11
Proba escrita	75	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	25	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	80
Táboa de indicadores	20

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora e levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación que se recollen no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para determinar a cualificación de cada avaliación asignaranse ós instrumentos de avaliación as porcentaxes seguintes:

- probas escritas 80%,
- táboa de indicadores 20% (actividades 10% e tarefas 10%).

Cada instrumento de avaliación cualificarase de 0 a 10 puntos.

Para obter cualificación positiva na avaliación hai que acadar como mínimo un 5.

Cráterios de recuperación:

Se a cualificación da avaliación é menor de 5 poderase facer unha proba escrita de recuperación ao comezo do seguinte trimestre, no que o 20% se reservará para recuperar as actividades e tarefas avaliadas coa táboa de indicadores.

O alumnado que teña algunha avaliación sen recuperar realizará unha proba escrita final, da parte ou partes correspondentes. Neste caso, a nota desta proba substituirá á nota da/s avaliación/s suspensa/s.

A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións. O alumnado debe acadar unha nota igual ou superior a 5 para superar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Garantírase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe.

Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que o guía:

- Proporcionar múltiples formas de representación.
- Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.
- Proporcionar múltiples formas de implicación.

Tamén se levará a cabo o programa específico de repetidores, o programa específico de pendentes, de reforzo educativo ou calquera outro protocolo axeitado para o alumnado da aula

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - 1.Comprensión lectora: mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas). Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. E a través da Hora de ler, do Plan Lector do centro	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita: no PLC recóllese a unificación de normas de presentación de traballos académicos e criterios para avaliar a competencia lingüística comúns	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual: uso da aula virtual en diferentes materias. Emprego de presentacións dixitais, exercicios interactivos, elaboración de materiais audio-visuais, montaxes fotográficas...	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital: A través de tarefas que promovan a comunicación e a colaboración, a creación de contidos dixitais, a seguridade, o benestar dixital, a ciberseguridade, a privacidade, a propiedade intelectual e a resolución de problemas no eido dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento: Utilizando a aprendizaxe cooperativa e a través de tarefas de investigación e situacións de autoaprendizaxe.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico: A través de tarefas de investigación e resolución de problemas empregando o método científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos...	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e valorando a contribución das mulleres á ciencia. O alumnado de 4º participa no Proxecta "Donas de si" que visibiliza o empoderamento da muller	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Educación para a saúde, a través de talleres sobre a saúde física e emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais, a través do Plan de Acción Titorial	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - 1.Comprensión lectora: mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas). Terá especial interese a presentación das prácticas de laboratorio e dos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. E a través da Hora de ler, do Plan Lector do centro	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita: no PLC recóllese a unificación de normas de presentación de traballos académicos e criterios para avaliar a competencia lingüística comúns	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual: uso da aula virtual en diferentes materias. Emprego de presentacións dixitais, exercicios interactivos, elaboración de materiais audio-visuais, montaxes fotográficas...	X	X
ET.4 - Competencia dixital: A través de tarefas que promovan a comunicación e a colaboración, a creación de contidos dixitais, a seguridade, o benestar dixital, a ciberseguridade, a privacidade, a propiedade intelectual e a resolución de problemas no eido dixital.	X	X
ET.5 - Emprendemento: Utilizando a aprendizaxe cooperativa e a través de tarefas de investigación e situacións de autoaprendizaxe.	X	X

	UD 9	UD 10
ET.6 - O fomento do espírito crítico: A través de tarefas de investigación e resolución de problemas empregando o método científico.	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos...	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e valorando a contribución das mulleres á ciencia. O alumnado de 4º participa no Proxecta "Donas de si" que visibiliza o empoderamento da muller	X	X
ET.9 - Educación para a saúde, a través de talleres sobre a saúde física e emocional.	X	X
ET.10 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais, a través do Plan de Acción Titorial	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas de divulgación	Durante o curso desenvolveranse charlas impartidas por mulleres científicas	X	X	X
Semana da Ciencia	Desenvolverase no 2º trimestre		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O sistema de avaliación resultou adecuado para avaliar as competencias.
A ponderación dos criterios resultou adecuada.
Os instrumentos de avaliación foron os acaídos en cada circunstancia
A secuenciación e temporalización estivo axustada.
Metodoloxía empregada
Emprégase unha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
A metodoloxía empregada permitiu manter o control da clase
Coa metodoloxía empregada acadáronse os obxectivos de aprendizaxe perseguidos.
Empregouse unha metodoloxía diversa
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O material didáctico empregado resultou adecuado.
Empregáronse recursos TIC
Medidas de atención á diversidade
As medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE foron adecuadas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Seguíronse os acordos aprobados no PLC respecto á competencia comunicativa
Participouse co alumnado en proxectos interdisciplinares de centro
Outros
Abordáronse os temas transversais acordados
Os resultados académicos no grupo nesta materia foron similares ou mellores ca os da media dos cursos anteriores
Os resultados académicos acadados nesta materia correspóndense cos resultados medios do grupo na maioría das materias
As actividades extraescolares realizadas na materia permitiron mellorar as competencias do alumnado
A valoración realizada polo alumnado sobre a materia resultou positiva.

Descrición:

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes criterios de avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta Programación Didáctica será revisada trimestralmente, dun modo especial ao final do curso, que será cando se determinen os por que de contidos que foi preciso engadir ou eliminar respecto ao previsto, así como as medidas que se adoptarán como resultado desta revisión. Os indicadores a empregar para cada avaliación son: 1.Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.

- 2.Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- 4.Adecuación da secuenciación dos criterios para cada unha das unidades.
- 5.Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio.
6. Asignación a cada criterio do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada criterio a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada criterio cos elementos transversais a desenvolver.
- 10.Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- 11.Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación dos apuntamentos.
- 13.Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
- 14.Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos criterios.
- 16.Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
- 17.Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- 18.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
- 19.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
- 20.Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
- 21.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
- 22.Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada criterio.
- 23.Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios.
- 24.Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- 25.Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- 26.Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- 28.Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- 30.Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia

9. Outros apartados